

AV/SV

CAMBADOS
REXISTRO ENTRADA
2017-E-RC-1892
30/03/2017 09:52



Achégase padrón, en formato dixital, do **Imposto sobre Vehículo de Tracción Mecánica**, correspondente ao **exercicio 2017**, pregando a súa exposición nese Concello durante o prazo indicado no anuncio de exposición pública e cobranza que se achega, isto é, **do 06 de abril ata o 05 de maio de 2017**, ámbolos dous inclusive, así como o envío do referido anuncio aos alcaldes de barrio do municipio a fin de que os publiquen nos lugares de costume nas respectivas parroquias.

Prégolle, o mesmo tempo, en cumprimento do disposto no artigo 24 do vixente Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo), que ordene a publicación do anuncio no taboleiro de editos da Casa do Concello e a súa remisión ó remate do período voluntario de cobranza, con dilixencia de ter sido exposto, á Tesourería da Deputación Provincial - ORAL.

Pontevedra, 28 de marzo de 2017
O tesoureiro,



Miguel Ángel Santirso Fernández

P.D.:

- Lembrámoslle que é posible tamén acceder aos datos do padrón, pola/s persoa/s autorizada/s a través da páxina web <http://doc.oral.depo.es>
- Estamos a súa disposición para calquera actuación, axuda técnica, etc., que puidesen precisar.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMBADOS

ANUNCIO

CONCELLO DE CAMBADOS

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO 2017

Aprobados pola Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL o padrón do **imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) do exercicio 2017**, porase ó dispor do público no **CONCELLO DE CAMBADOS**, dende o día **06 de abril de 2017 ata o día 05 de maio de 2017**, **ambas as datas incluídas**, podendo os interesados examinalos durante o dito período e, no seu caso, presentar no prazo dun mes dende o **06 de maio de 2017**, recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo perante a Tesourería do ORAL – Deputación Provincial de Pontevedra (artigo 24 de Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais - ORAL- da Deputación de Pontevedra, BOP de Pontevedra de 30/04/2013, e artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do artigo 102 da Lei 53/2003 xeral tributaria.


COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO DO 2017.

De conformidade co previsto no artigo 25 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais - ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunícaselles ós contribuíntes afectados que **o período voluntario de cobranza do imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2017 (IVTM)**, para o **CONCELLO DE CAMBADOS**, será do **06 de abril de 2017 ao 06 de xuño de 2017**, ámbalas dúas datas inclusive, **rematando o día 06 de xuño de 2017**.

O imposto poderá satisfacerse a través de calquera entidade bancaria, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<http://oral.depo.es>) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento o obrigado ó pagamento poderá, **ata o día 06 de xuño de 2017**, obter un duplicado nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9-11. Tel. 886 211 400. - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ó seu domicilio.

Os contribuíntes que o día 15 de maio de 2017 non recibiran nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 06 de xuño de 2017 para os solicitar na oficina indicada e efectuaren o pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que **a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema**.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

 Pontevedra, 28 de marzo do 2017
O tesoureiro,

 Miguel Ángel Santirso Fernández
